



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000001

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 2 de data 5 de xaneiro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 14.12.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 14.12.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DA DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA ASOCIADA AO SUMINISTRO DE INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a devolución da garantía definitiva asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excm. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello.

“Vista a solicitude formulada por Jorge Mesía Fraga con D.N.I. núm. 32.692.094-D en representación de INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424, en data 17 de novembro do 2023 con número de rexistro 202399900001805 referida a devolución da garantía definitiva asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excm. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018

para a xestión dos areas do Concello, foi emitida Providencia de Alcaldía para *incoar expediente para a devolución, no seu caso, do aval bancario depositado polo contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424, por importe de TRES MIL CATROCIENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (3.429,71 €).*

Examinado o expediente 2023/X002/000017 consta Informe técnico sobre o estado das INSTALACIÓN PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287, emitido polos Directores de Obra en data 4 de decembro do 2023 ao efecto de determinar a responsabilidade do adxudicatario, procedéndose a devolución ou cancelación da garantía obxecto, considerando que (...) *aínda que existen pequenos danos na pintura e acabados dos módulos, estes son os propios do uso e desgaste das mesmos durante o período de 2 anos que transcorreu desde a súa recepción. E recoméndase a realización de labores de mantemento periódicas así como reparación dos fallos detectados e sinalados neste informe, sen que iso sexa motivo para denegar a devolución da garantía. Polo que se informa que procede levar a cabo a devolución de garantía á empresa adxudicataria, INSTALACIÓN E MANTEMENTOS IMAFER S.L.*

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existen responsabilidades a esixir contra o contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 en garantía do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓN PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO procede a devolución da garantía definitiva asociada ao referido subministro, sen menoscabo do establecido no artigo 244 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver a garantía definitiva asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓN PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excm. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X002//000017).

3º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO: LICENZA DE OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA PRIVADA DE FORMIGÓN.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA PARA CONTRUCCIÓN DE PISCINA PRIVADA DE FORMIGÓN

.- Expte. de obras 293/2023.- [REDACTED] - Para as obras de **construcción de piscina privada de formigón, situada no lugar de Bieteiro, 61, parroquia de Pantín, referencia catastral nº 15088A046022920000H0.**

O día 17.11.2023 [REDACTED] presentou unha solicitude de licenza para a execución dunha piscina descuberta de formigón.

Achegase xunto á solicitude:

• **Proxecto para a execución dunha piscina descuberta privada de formigón**, en parcela con vivenda unifamiliar existente, de data 10 de novembro de 2023 asinada polo enxeñeiro de camiños Javier Barral Méndez, colexiado núm. 10.426.

Segundo a documentación técnica presentada as obras consisten na construción dunha piscina rectangular soterrada e descuberta, de paredes de formigón, de medidas en planta 8,00 x 4,00 m e unha profundidade máxima de 1,60 m, vinculada a unha vivenda unifamiliar existente na mesma parcela.

• **Nomeamento de técnico director das obras, asinado polo técnico anterior.**

Outra documentación:

O día 19.12.2023 (núm. rex. 202390000001951), achegouse ao expediente, **informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio** (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) onde se considera a construción da piscina como unha reforma ou ampliación da vivenda existente, e polo tanto en aplicación do artigo 95 do POL non é preceptivo obter o informe previo regulado nos artigos 50 e 51 do POL.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable común (a piscina preténdese instalar na porción clasificada como solo non urbanizable común.**

Non obstante o anterior, e tendo en conta:

a. Que o planeamento municipal non está adaptado á LSG.

b. O establecido na disposición transitoria primeira, apartado 2, parágrafo d) da LSG. Cabe convir que a porción clasificada como solo non urbanizable común terá a consideración de solo rústico.

Segundo o artigo 35.1.d da LSG, en solo rústico contemplase como posibles usos (entre outros) as instalacións de carácter deportivo, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.

Considerando o disposto no **informe do Arquitecto Técnico Municipal do 3 de xaneiro de 2024**, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, **as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación** debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] **licenza para as obras de construción de piscina privada de formigón**, situada no lugar de Bieteiro, 61, parroquia de Pantín, referencia catastral nº 15088A046022920000H0.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo enxeñeiro de camiños Javier Barral Méndez, colexiado núm. 10.426 e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 3 de xaneiro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execucion material que ascende á cantidade de **9.373,43 euros**, e co seguinte desglose: **Taxas 46,86 €.** **ICIO.- 215,58 €.**

Cuarto.- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses e o de terminación tres anos, contados dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza., e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSG, art. 145.1 da LSG).

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U026//000287).

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e vinte e nove minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/